



SERVIZO DE PROMOCION ECONOMICA, TURISMO E EMPREGO
Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico

Expediente: PCO.001.2021.00076

SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS EMBARCACIÓNS ELÉCTRICAS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO PILOTO DE ECOTURISMO NÁUTICO NOS XEODESTINOS DA PROVINCIA DA CORUÑA (SEGUNDA LICITACIÓN)

Asunto: Informe sobre xustificación de ofertas con valores que poden considerarse anormalmente baixos

Destinatario: Mesa de Contratación

Vista a documentación que consta no expediente PCO.001.2021.00076 iniciado a instancia do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego esta unidade xestora realiza o seguinte INFORME:

1. Por unha banda, a eventual condideración de baixa temeraria sobre a oferta que acadou a máxima puntuación no proceso de licitación, esta unidade xestora considera razoable a porcentaxe que se estaría valorando como baixa temeraria.

Ao tratarse dun importe de 202 € nun orzamento de 44.135 € por embarcación ou subministro, só representa un 0,5%, polo que se valora que dita baixa non impediría que a execución do contrato poida ser cumprida de forma satisfactoria.

2. Por outra banda, aos efectos do art. 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público (en diante LCSP), e da cláusula 13.5. dos pregos de condicións administrativas particulares e vista a documentación presentada por ASTILLEROS DEL ULLA, S.L. :

- Facturas proforma do subministrador do equipo de propulsión, da subcontrata encargada de fornecer e instalar o software de navegación e do equipo de salvamento.
- Desagregación cos prezos por partidas dos materiais e compoñentes.
- Maquinaria e equipos propios.
- Medios de transporte, manipulación e elevación de cargas.
- Desagregación cos custos da man de obra, proxecto, probas, etc.
- Perdas e ganancias da empresa a día de hoxe.
- Relación entre custos laborais fixos e volume de contratos.
- Cumprimento de obrigacións salariais.
- Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

Esta unidade xestora considera que estas xustificacións e as prestacións ofertadas pola empresa cumpren coas previsións técnicas e administrativas dos pregos que rexen a actual contratación, polo que se remite o presente informe á Mesa de Contratación aos efectos oportunos

O xefe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Rafael Díaz-Aguado Jalón